

## **A CONSELLERÍA DE SANIDADE CENSURA, NOS COMPLEXOS HOSPITALARIOS DE OURENSE, PONTEVEDRA E FERROL, A REALIZACIÓN DE CHARLAS INFORMATIVAS SOBRE A SITUACIÓN NO HOSPITAL DE LEGANÉS, ORGANIZADAS POLA COORDINADORA GALEGA DE FACULTATIVOS DE HOSPITAIS.**

Os días 8 e 9 de xuño, médicos do Hospital Severo Ochoa de Leganés teñen programados unha serie de actos, en varias cidades galegas, para aportarnos información aos profesionais sanitarios galegos, sobre os graves acontecementos ocorridos no Hospital Severo Ochoa desde marzo deste ano.

A grande preocupación que a situación de Leganés está provocando entre os profesionais, fixo que desde a “Coordinadora Galega de Facultativos de Hospitais” (CGFH) decidíramos organizar estes actos informativos, e invitáramos a participar neles a algúns dos máis directos protagonistas dos acontecementos, os profesionais do Hospital de Leganés afectados.

Están programados actos, o mércores día 8, en Ourense, Pontevedra e Vigo, e o xoves día 9 en Ferrol e A Coruña. Neses actos intervirán os seguintes membros da “Asociación en Defensa do Hospital de Leganés”:

- O Dr. Luís Montes: anestesista e ex-Coordinador de Urgencias do Hospital Severo Ochoa de Leganés, suspendido nas súas funcións polo Conselleiro de Sanidade de Madrid.
- A Dra. Carmen Ortiz: do Servizo de Radioloxía do Hospital Severo Ochoa
- O Dr. Javier Martínez Sarmeán: xefe do Servizo de Xinecoloxía do Hospital Severo Ochoa, e
- O Dr. Carlos Barra: do Servizo de ORL do Hospital de Móstoles.

Sen embargo, sucedeu algo absolutamente inesperado e impropio dunha sociedade democrática na que os dereitos fundamentais de expresión e reunión deben estar plenamente garantidos: os actuais responsabeis da Consellería de Sanidade decidiron prohibirnos aos profesionais que, nos nosos centros de traballo, poidamos informarnos e debater os problemas que nos afectan, e decidiron prohibirnos a utilización dos Salóns de Actos dos hospitais para celebrar as charlas informativas. Os motivos aducidos para prohibir estes actos foron, primerio, que se trataba dun acto “electoral”(?), e logo, que o “asunto” estaba “sub iudice”(?). É de salientar, que o texto da prohibición é o mesmo nos tres hospitais, o que deixa ben as claras que a a decisión foi tomada na Consellería de Sanidade en Santiago.

Cando se xestionou a viaxe dos nosos compañeiros de Leganés, hai xa moitas semanas, nunca nos posou pola imaxinación relacionar unhas charlas informativas impartidas por profesionais, que como mínimo teñen o dereito a ser escoitados polos seus colegas, e a campaña electoral. Polo tanto se alguén politiza as cousas é a Consellería. En todo caso lamentamos que o esforzo que pedimos a estes profesionais de desplazarse gastando os seus días de descanso para poder dar a súa versión dos feitos despois dos difíciles meses que están pasando, podan desperdiciarse parcialmente por estas inesperadas e politizadas, moi a pesar noso, dificultades.

As coordinadoras de facultativos dos hospitais galegos, xurdidas das asembleas de facultativos dos nosos hospitais como instrumento unitario de defensa dos nosos intereses profesionais, queremos expresar públicamente o noso máis rotundo rexeitamento da censura que pretende exercer a Consellería de Sanidade.

As coordinadoras seguiremos defendendo o dereito dos facultativos a recibir información e procuraremos buscar o xeito de poder facelo e, por suposto, seguiremos defendendo a liberdade de expresión e de reunión nos hospitais do SERGAS, que a Consellería de Sanidade pretende obstaculizar.

**COORDINADORA GALEGA DE FACULTATIVOS DE HOSPITAIS**